

O BARRIO

BOLETÍN INFORMATIVO PARA A VECIÑANZA DE CANIDO



Sen dúbida, o obxecto de debate en canto ás iniciativas previstas para o barrio de Canido máis intensamente discutido nas últimas semanas foi o proxecto de construción dun *skatepark* (parque de patinaxe) no parque Antón Varela.

Os diversos colectivos amosaron as súas posturas e argumentacións: o colectivo de patinadores que defende esta proposta considera que ubicar o parque de patinaxe en Canido facilita o acceso da xuventude a este deporte, xa que é un emprazamento máis céntrico que o actual (que se atopa fronte oa estadio en A Malata), ademais de considerar que as actuais instalacións atópanse

en estado lamentable, sendo preciso un novo equipamento. Para os colectivos de Memoria Histórica e outras asociacións, existe unha preocupación de que o proxecto reste significado á zona do parque onde se atopa o moito loitado monumento en homenaxe ás vítimas do franquismo.

Existe unha preocupación pola redución de zona verde no parque, pero ao mesmo tempo, un desexo de que existan lugares de esparcemento e deporte. Con todos estes elementos, a AV propuxo ao Concello de Ferrol unha proposta de conciliación e reforma do proxecto que explicamos nas páxinas interiores.

EQUIPO DE REDACCIÓN

Rafael Aguirrebengoa Esnaola

Antonio Casal Velázquez

Guillermo Castro Peccis

Celia Fernández Alvariño

Maica R. Freire

O BARRIO - ISSN 3045-4476

PROPOSTA DE CONCILIACIÓN DE USOS NO PARQUE ANTÓN VARELA

A finais de 2024 o Concello de Ferrol adxudicou un proxecto para a construción dun skatepark no parque Antón Varela. Tras escoitar ás partes interesadas, a AV Canido propuxo ao Concello unha proposta de modificación, co ánimo de garantir a compatibilidade dos distintos usos para o parque.



Proxecto inicial para a o skatepark no parque Antón Varela

Respecto ao memorial ás vítimas do franquismo

A distancia proxectada entre o skatepark e o Memorial casou preocupación, sendo preciso preservar a dignidade e o valor simbólico deste lugar, que forma parte do patrimonio emocional e histórico da cidade. Por iso, propúxose ao Concello crear unha separación nítida entre as zonas, reparar a iluminación danada no camiño ao memorial, sinalizar con claridade o monumento e dotalos de elementos informativos e de descanso.

O skate park, un espazo de dinamización

A instalación impulsa o deporte urbano e aporta espazos para o esparcemento da mocidade, tan olvidada nos plans urbanísticos. É un recurso valioso que dinamiza o barrio, unha ferramenta de convivencia, inclusión e transformación social que debería integrarse con coidado nun espazo compartido por persoas de idades e intereses diversos. Así, propúxose a redución do tamaño da pista, así como horarios de uso que eviten ruídos, ademais de colocar a pista de modo que deixe a maior cantidade de zona verde posible.

ACTUACIÓNS CON VISIÓN DE CONXUNTO

Cando se pensa nun modelo de cidade non se poden afrontar as actuacións sen unha visión integral. Moi próximo ao parque Antón Varela está o parque canino antigo, que vai ser reemplazado por un novo na Rúa Lili, e que deixa dispoñible 600 m² de zona verde. Tamén cómpre abordar a situación do estacionamento improvisado xunto ao Centro Cívico, o chamado "leira-parking" que podería ser un empraçamento alternativo para o skatepark; pero sobre todo, esta iniciativa debe contar cos colectivos implicados: deportistas urbanos, veciñanza e entidades da memoria histórica co fin de acordar medidas e axustes que favorezan a convivencia e a apropiación compartida do espazo.



O BARRIO QUE QUEREMOS

A TURISTIFICACIÓN XA CHEGOU A NOSA CIDADE? QUE ACONTECE CO PREZO DA VIVENDA?


Hai uns meses falabamos en O BARRIO do proceso de xentrificación. Agora, unido a este, temos o proceso da **turistificación** que xa comeza a dar os seus primeiros síntomas en Canido e na cidade. Aínda que sexan procesos diferentes, as súas consecuencias son similares, pois atacan ao dereito que temos a vivir nos nosos barrios e cidades. Así, a turistificación leva consigo:

Falta de oferta de vivenda: diminúe o número de vivendas en aluguer para uso residencial. De feito, no noso concello **o número de vivendas en aluguer para uso turístico é maior que as vivendas para uso residencial.**

Alza dos prezos: os prezos do aluguer e da vivenda en propiedade vense aumentados pola presión turística. O prezo da vivenda na cidade experimentou un aumento de ata un 30%. No barrio de Canido os prezos do aluguer nos últimos seis anos creceron un 55,5%, e no caso da cidade ese aumento nos últimos cinco anos é dun 36,22%.

Expulsión da veciñanza e substitución da poboación turística: a presión dos prezos da vivenda en especial no aluguer produce que a veciñanza teña que marchar.

A presión turística en Ferrol está centrada en vivendas de uso turístico: aquelas cedidas por terceiras persoas de forma reiterada a cambio de contraprestación económica, para unha estadía media ou curta sen servizos aloxamento e hostalería.



No ano 2020 falabamos de 200 vivendas deste tipo, e na actualidade son 728 (IGE, 2025) e **iso só tendo en conta as que están no mercado legal**. Falamos que no prazo de 5 anos houbo un aumento de 528 vivendas (72% máis). A realidade é que este proceso non vén máis que acompañar o da xentrificación que xa tiñamos advertido. Con respecto a isto, aínda estamos a espera do cumprimento por parte do Concello do seu compromiso de facer un estudo da situación da vivenda logo da moción presentada en setembro de 2024. **#OBARRIOÉNOSO**



DEMANDAS HISTÓRICAS... damos conta das reunións institucionais



Á volta do verán, en O Barrio retomamos aquelas demandas que a veciñanza de Canido leva solicitando á administración nos últimos tempos e das que damos conta a continuación:

Humanización de Doutor Fleming

A necesaria reurbanización desta zona segue sen executarse. Ademais, a Intrabarral reclama ao Concello a actuación sobre outras zonas colindantes para aumentar as prazas de estacionamento. Estado: pendente de licitación.

Escaleiras mecánicas para Canido

A concellería delegada informa á AV que se está traballando nun proxecto de elevador, dado que as escaleiras non son viables tecnicamente por mor do desnivel do terreo e as dificultades da accesibilidade.

Beirarrúas de Pérez Parallé

O verán foi un bo momento para acometer obras e nada se fixo. Canto máis hai que agardar para reparar as perigosas beirarrúas ondulantes?

Edificio de suboficiais

Unha marabillosa infraestrutura infrautilizada: oportunidades para o barrio que seguen á espera da decisión de adquirir e devolver este inmovible á veciñanza.



Transparencia nas contas do 4º AGROCABARÉ

O pasado mes de xuño celebrouse o **IV AgroCabaré** na horta comunitaria. O evento contou cun elenco de artistas que ofreceu un gran show no que houbo maxia, cabaret, música, baile...

A recadación financia os proxectos agro culturais e o programa de cursos que se desenvolven durante o ano, ademais de supoñer un día de festa e celebración nos espazos comunitarios do barrio. Estes foron os resultados:

- Recadación para os proxectos agro culturais: 1.146 €
- Taquilla inversa (distribuído entre as artistas participantes): 1.200 €

ACTIVIDADES, VALORES E NOVA PUBLICACIÓN

Despois do verán, volvemos ao curso habitual. O outono chega co seu novo ciclo de actividades persoais ou colectivas. É por iso que convén prestar atención ás publicacións que se van poñer en marcha no Centro Cívico; na SDR Canido e noutras entidades do barrio (Museo de Historia Natural, Clube da Montaña Ferrol...) que forman parte da INTRABARRIAL.


As actividades programadas están nas páxinas centrais deste número de O BARRIO que no caso de Muíño do Vento son: pandeireta, cestería, macramé, teatro para persoas adultas e teatro infantil.

Porén, non todo han de ser actividades físicas, así que desde aquí, propoñémosvos darlle unha volta ás formas en que podemos realizar parte dos nosos proxectos vitais, eses que toman forma durante a nosa vida no barrio, rodeados polas nosas veciñas e veciños, **para contribuír a un mundo máis xusto e solidario**. Destacaríamos a defensa dos valores revolucionarios expresados historicamente **baixo os conceptos de república, liberdade, igualdade e fraternidade**. Valores que, a pesar de retrocesos parciais desde un punto de vista global, foron gañando terreo historicamente e son obxecto de pugna entre os máis ricos, desexosos da súa mercantilización e explotación capitalista alí onde non poidan ser directamente erradicados, e os sectores progresistas da sociedade.

Non caben medias tintas, ou de darse esa especie de conformidade, préstase como servidora voluntaria do sector máis intransixente e insolidario da sociedade. Darlle unha volta e non perder a ocasión. Gañamos a maioría e ocasións de manifestación non faltan (xenocidio en Palestina, incendios, defensa do medio natural, construción de coidados sociais, defensa da sanidade pública e o ensino, ampliación dos dereitos laborais e de conciliación das vidas laborais e persoais, defensa dos proxectos de paz fronte ao belicismo...)

Finalmente, temos que dar conta do **nacemento dunha nova publicación**, aberta á colaboración de toda a veciñanza e como instrumento de reflexión e formación colectiva. Naceu a revista "**Os cadernos do Muíño**", publicación de Muíño do Vento. Presentámola na véspera do San Xoán e está dispoñíbel para a súa retirada por todos os socios e socias e, mentres haxa exemplares, para todas as persoas interesadas.





JT **Julio Tabanera González**
 TÉCNICO EN INSTALACIONES DOMÓTICAS E INMÓTICAS

📞 654 301 996
 ✉️ j.tabanera@gmail.com
 🌐 julio.tabanera 📷 juliotabanera

O consumo local apoia a economía da comunidade, reduce a pegada de carbono e fomenta a calidade dos produtos. Ao investir no local xéranse empregos e estímúlase o crecemento económico na nosa zona. Falamos de negocios de proximidade da man de HOSCOMPRO.

EN PROXIMIDADE



Julio Tabanera é un canidiense de adopción e de corazón, que leva afincado no barrio doce anos. Actualmente, preside HOSCOMPRO. É especialista en electricidade e domótica; traballa todo tipo de instalacións de baixa tensión, as habituais en locais comerciais, vivendas, garaxes...

Como experto en domótica, Julio pode deseñar e instalar aparellos para a vivenda intelixente, o que repercute nun aforro económico, enerxético e aumenta a seguridade: persianas con automatismos, calefacción e electricidade controladas de forma remota e mediante aplicacións.

Tamén realiza traballos de pequena reforma, albanería e instalación de baños ou cociñas.

Contacto por teléfono e/ou WhatsApp: 654 30 19 96 / 619 01 96 67



Nova concesionaria do ambigú da SRD Canido!



Con gran esperanza, a xunta directiva da SRD Canido **adxudicou a concesión da explotación do ambigú**. Esta decisión marca unha nova andaina para o local social, un lugar que agardemos siga a ser un dos corazóns da actividade comunitaria no barrio. A concesión materialízase coa sinatura dun contrato con **Lorena Moreira e Manolo Díaz**, que comezarán a súa actividade **na segunda quincena de setembro**.

A xunta directiva depositou a súa confianza en Lorena e Manolo polo seu marcado proxecto persoal, agardando que o **Canido** continúe sendo unha parte activa na dinamización de actividades, enriquecendo a vida social, cultural, recreativa e deportiva do barrio.

